

MANUAL DE CALIDADE
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE
ESAD DE GALICIA

PC 901.01 Plan de acción tutorial

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	16-04-2014		18-04-2014
2	10-03-2015	Acreditación ACSUG	29-09-2015

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

OBXECTO

- Establecer as accións e actividades propias da orientación e asesoramento académico do alumnado no contexto do Espazo Europeo da Educación Superior.
- Establecer o procedemento para a elaboración do Plan de Acción Titorial de cada curso escolar, coas actividades a desenvolver, e as ferramentas para a súa avaliación.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

RESPONSABILIDADES E FUNCIÓNS

Dirección

- Coordinar, en colaboración coa Xefatura de Estudos, a elaboración do Plan e a súa revisión anual.
- Velar polo seu cumprimento e óptima aplicación, tomando as medidas correctoras que se estimen necesarias.
- Nomear ao profesorado que desempeñe as funcións de titoría.

Xefatura de Estudos

- Coordinar, en colaboración coa Dirección, a elaboración do Plan e a súa revisión anual.
- Velar polo seu cumprimento e óptima aplicación, tomando as medidas correctoras que se estimen necesarias.
- Propoñer o nomeamento do profesorado que desempeñe as funcións de titoría.

Secretaría

- Difundir o Plan segundo os procedementos e canles establecidas.

Comisión de Coordinación Pedagóxica

- Coñecer e informar o PAT e propoñer medidas e liñas de traballo que se estimen oportunas.

Claustro de Profesoras e profesores

- Coñecer e informar o PAT e propoñer medidas e liñas de traballo que se estimen oportunas.

Consello Escolar

- Coñecer e aprobar o PAT e propoñer medidas e liñas de traballo que se estimen oportunas.

Profesorado

- Participar activamente no adecuado desenvolvemento do procedemento.

Alumnado

- Participar activamente no adecuado desenvolvemento do procedemento.

Servizo de Garantía Interna de Calidade

- Coordinar o desenvolvemento adecuado do procedemento.

Departamento de Calidade

- Asegurar o adecuado desenvolvemento do procedemento no marco do Manual de calidade da escola.

Departamentos

- Colaborar do adecuado desenvolvemento do procedemento.

Persoal de administración e servizos

- Colaborar do adecuado desenvolvemento do procedemento.

DESENVOLVEMENTO

O Plan de Acción Titorial da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia configúrase como o instrumento a través do cal se deseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría do alumnado nun centro superior integrado no Espazo Europeo da Educación Superior. Supón superar o modelo especificamente académico, unicamente preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socio-educativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións entre os diferentes integrantes da comunidade escolar.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades dos alumnos e alumnas, normalizando as distintas accións e alcanzando un axeitado equilibrio entre as expectativas dos alumnos e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior. Neste sentido, é de importancia destacar un dos principios polos que aposta o Sistema de Garantía de Calidade da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, e ao que con este plan se trata de responder:

- A adecuación de métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación á adquisición de competencias do alumnado.
- Atención á diversidade.
- Liñas de orientación académica.
- Participación do alumnado na xestión da Escola e asunción das responsabilidades que lle son propias como un sector fundamental da comunidade educativa.

O Plan de Acción Titorial da ESAD de Galicia é elaborado na súa primeira edición pola Dirección da Escola e trasladado aos órganos competentes para a súa consideración, mellora e aprobación. Finalmente é trasladado ao profesorado titor para a súa aplicación. É sometido a unha revisión anual na fin de cada curso escolar, con independencia das adecuacións que o desenvolvemento do curso aconselle en cada momento.

ASPECTOS CONCRETOS E ESPECÍFICOS

PRESENTACIÓN, FUNCIONS E RESPONSABILIDADES

O PAT pretende contribuír a unha educación global dirixida ao desenvolvemento integral dos estudantes, e engloba as seguintes dimensións:

Dimensión	Descrición
Académica	Referida a aspectos vinculados con plans de estudos, elección de materias, revisión de notas...
Profesional	Máis relacionada coa preparación e desempeño do posto de traballo, e que pola súa transcendencia se concreta nun Plan de Orientación Profesional.
Persoal	Relacionada con problemas persoais, familiares, psicolóxicos emocionais, afectivos e de educación en valores...
Social	Destinada a cuestións como información sobre axudas e servizos de fundacións privadas ou públicas, de organismos nacionais, europeos ou internacionais, pero tamén con actividades que teñan lugar no seu entorno próximo e poidan ser do seu interese.
Administrativa	Relativa a temas como información sobre requisitos administrativos, matriculación, recoñecemento de créditos, renuncias a convocatorias, becas e outros.

No desenvolvemento do Plan de Acción Titorial da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia interveñen os distintos axentes que se relacionan a continuación:

Axentes implicados	Funcións
<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Dirección 	Deseño inicial do PAT na súa primeira versión
<ul style="list-style-type: none"> Xunta de titores/as 	Revisión anual do PAT e elaboración de novas versións do PAT para cada curso escolar.
<ul style="list-style-type: none"> Consello Escolar 	Aprobación do PAT
<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Dirección Titores/as 	Presentación do PAT
<ul style="list-style-type: none"> Comisión de Coordinación Pedagóxica Claustro Xunta de delegados/as 	Apoio/Colaboración
<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Dirección Titores/as Alumnado 	Implantación
<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de estudos Titores/as 	Coordinación e Seguimento
<ul style="list-style-type: none"> Titores/as Alumnado Servizo de Garantía Interna de Calidade 	Avaliación
<ul style="list-style-type: none"> Departamento de calidade Servizo de Garantía Interna de Calidade 	Análise de Resultados e Elaboración da Memoria Final

OBXECTIVOS

Durante o curso académico 2014-2015, e nos cursos seguintes, coas modificacións que proceda incluír, a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, coa implantación do PAT, márcase os seguintes obxectivos:

Obxectivos xerais

- Establecer a tutoría como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola Escola.
- Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación do profesorado tutor.
- Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida da Escola.
- Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Escola, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....
- Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.
- Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para acadar progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.
- Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.
- Promover o diálogo e a mediación na resolución de conflitos.

Obxectivos específicos.

- Mellorar a implicación dos estudantes na Xestión do Centro.
- Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.
- Reducir a taxa de abandono.
- Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.

ACTIVIDADES

As actividades do PAT van dirixidas a todo o alumnado do Centro, prestando unha especial atención aos/ás estudantes de novo ingreso e aos que finalizan seus estudos, xa que este alumnado se caracteriza por vivir un momento de inseguridade e desorientación ante a súa nova realidade. Ademais a tutoría persoal será esencial ao longo dos cursos que compoñen o título superior, como garante dunha formación de calidade e apoio ás dificultades e necesidades que poidan sufrir os/as estudantes no seu transcurso evitando así índices de abandono e/ou fracaso.

As liñas de actuación que se expoñan a continuación tratan de responder ás necesidades detectadas no alumnado do Centro e pódense clasificar en catro bloques básicos: (1) Accións de organización, (2) Accións de acollida, (3) Apoio á formación e (4) Atención á diversidade.

Accións de organización

- **Actividade 1. Sesión de organización e presentación (xuño).** O Equipo de dirección organizará unha xornada de presentación do PAT do Centro unha vez elaborado e/ou revisado, trasladándoo aos diferentes sectores da comunidade educativa para o seu coñecemento e/ou aprobación.

- **Actividade 2. Reunión Alumnado-Titor/a (primeira semana lectiva).** Cada titor/a terá unha sesión co seu alumnado para presentar o funcionamento das titorías e explicar a súa utilidade, así como explicar aspectos básicos de funcionamento do centro. Solicitarase ao alumnado cumprimentar cuestionarios coa finalidade de coñecer as súas opinións e expectativas.
- **Actividade 3. Asesoramento e seguimento continuo (setembro – xuño).** O profesorado titor realizará un asesoramento do seu alumnado ao longo de todo o curso académico. Este seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos e nos casos nos que se requira de forma individual. Revisarase a planificación realizada para ir axustándose ao proceso de aprendizaxe do alumnado. Establecerá un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións cos tutelados.
- **Actividade 4. Análise e avaliación final de PAT (maio).** Solicitarase a alumnado e titores/as, cumprimentar un breve cuestionario de satisfacción, que posteriormente será analizado. Os axentes responsables deberán analizar ademais as dificultades e problemas detectadas e introducir as melloras que se consideren necesarias no Plan no seguinte curso.

Accións de acollida

- **Actividade 1. Sesión de acollida.** O primeiro día do curso académico celebrarase unha sesión de presentación co alumnado, segundo o procedemento establecido no Manual de Calidade. Realizarase a presentación do Titor/a que indicará o horario, a aula e todos os datos necesarios para o desenvolvemento efectivo das actividades de titoría. Tamén se informará ao alumnado verbo dos servizos que presta a Escola e doutros datos de interese para favorecer unha verdadeira inclusión académica, social e persoal do alumnado ao centro. Prestarase especial atención á presentación e comentario da Guía do alumnado.
- **Actividade 2. Sesión de seguimento (outubro).** Transcorrido un mes desde a sesión de acollida, os titores/as realizarán un seguimento relativo ao desenvolvemento das actividades, analizando cuestións de todo tipo e prestando especial atención a problemáticas concretas que o alumnado puidese presentar. Tamén se informará sobre as funcións dos delegados ou delegadas.
- **Actividade 3. Sesión de consolidación (marzo),** Nesta sesión volveranse intercambiar ideas e reflexións sobre a súa experiencia na Escola, e aquelas cuestións ou problemáticas que poidan aparecer.

Accións de apoio á formación

- **Actividade 1. Reunión de grupo:** O Titor/a organizará esta sesión, por vontade propia ou a petición do alumnado, de forma que os alumnos e alumnas poidan expresar, analizar e debater situacións, cuestións, problemáticas ou conflitos derivados dos procesos de ensinanza, aprendizaxe e/ou avaliación, e verbo doutras cuestións académicas ou administrativas. De cada reunión o titor/a elaborará un acta, segundo modelo que se inclúe, que recolla asuntos tratados e acordos acadados, así como tarefas encomendadas, de ser o caso, trasladando a mesma ao caderno de titoría e informando, se fose necesario a profesorado, equipo de dirección ou alumnado.
- **Actividade 4. Entrevista individual.** A petición propia ou por petición do titor/a, celébrase unha xuntanza coa finalidade de analizar as cuestións que en cada caso procedan, e da que se deixa constancia no caderno de titoría.

METODOLOXÍA

Un dos aspectos básicos das teorías educativas que sustentan a creación do Espazo Europeo de Educación Superior radica en trasladar ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, ónde o rol do profesorado titor é de mediador e facilitador do coñecemento. Polo tanto, para a realización eficaz do traballo de tutoría, empregárase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, aos diferentes estilos de ensinanza do profesorado.

O proceso titorial consta de varias etapas nas que haberá que negociar, dependendo do nivel de competencia, responsabilidade e interese do alumnado. Preténdese que sexa o alumnado baixo a supervisión e axuda do titor ou titora quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador. Tanto no deseño, planificación e implantación do plan é imprescindible a cooperación e coordinación de todos os axentes que participan no mesmo. Con este método de traballo preténdese contribuír ao novo reto que se presenta co Espazo Europeo de Educación Superior no que se aposta por unha educación baseada en competencias.

A AVALIACIÓN

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan e a idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados.

Os datos da avaliación constituirán un elemento para a reflexión que contribuirá a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral. Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e á finalización do mesmo. Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto a avaliación se fixa en tres momentos:

- **Inicial:** detectando o punto de partida despois da análise de necesidades, para axustar a intervención e prever.
- **Continua:** o desenvolvemento da actividade orientadora e titorial será obxecto dunha avaliación continua de carácter formativo, co obxectivo de favorecer a introdución das modificacións precisas, se fose o caso.
- **Final:** a valoración global das accións realizadas, onde se analizará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Máis abaixo aparecen algunhas ferramentas necesarias para o desenvolvemento das tarefas sinaladas.

ESTRUTURA DO PAT ANUAL: (1) Presentación, (2) Obxectivos, (3) Accións a desenvolver e actividades, (4) Ferramentas de avaliación, (5) Memoria final. O PAT anual con indicación numérica do ano de aplicación farase público na páxina web da Escola.

Ficha para a Avaliación do PAT
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado
Bloque O

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión de Presentación e Acollida					
Reunión Alumnado Titores/as					
Asesoramento Seguimento Continuo					
Análise-Avaliación do PAT					

Bloque 1

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión Informativa					
Sesión Informativa de seguimento					
Sesión Informativa de integración					
Reunións de grupo					
Reunións individuais					

Bloque 2

Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse e Totalmente		
Atención á Diversidade					

Conclusións

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	<i>(Marca cunha X)</i>			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer a titoría e a orientación profesional como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola escola.				
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesorado titor.				
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida da escola.				
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a escola, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....				
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesorado titor.				
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.				
Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.				
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.				
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> • 				

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL: Ficha de seguimento de titorías de grupo	
Centro	Curso 20__/20__
Curso e Titulación	
Data e hora	
Alumnado asistente á reunión:	
Reunión solicitada por:	
Motivo da reunión:	
Temas formulados:	
Desenvolvemento (observacións):	
Acordos e compromisos:	

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimiento de tutorías individuais	
Centro	Año Académico 20__/20__
Curso e Titulación	
Data e hora	
Apelidos e nome do estudante	
Reunión solicitada por:	
Motivo da reunión:	
Temas formulados:	
Desenvolvemento (observacións):	
Acordos e compromisos:	

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento das reunións	
Centro	Ano Académico 20__/20__
Titulación	
Data e hora	
Apelidos e nome dos asistentes	Profesorado-titor:
Reunión solicitada por:	
Motivo da reunión:	
Temas tratados:	
Medidas acordadas:	

**PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:
Cuestionario final de satisfacción do alumnado**

1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

Moi Mala	
Mala	
Boa	
Moi Boa	

2. A valoración que che merece a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é :

Moi Mala	
Mala	
Boa	
Moi Boa	

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

4. Valora o grao de utilidade do PAT.

Nada	
Pouco	
Bastante	
Moito	

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

Si	
Non	
¿Por qué?	

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	
Non	
¿Por qué?	

8. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?.

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>¿Por qué?</i>	

9. Consideras axeitado o sistema de seguimento?.

<i>Si</i>	
<i>Non</i>	
<i>¿Por qué?</i>	

10. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos:

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>				
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>				
<i>Claridade da exposición.</i>				
<i>Atención persoal aos alumnos</i>				
<i>Aclaración de dúbidas</i>				

11. Qué eliminarías do PAT?

12. Que engadirías?

¡Grazas pola túa colaboración!